



**Proposta de resolución provisional de avaliación das solicitudes presentadas ao abeiro da ORDE do 28 de xullo de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, para persoas colaboradoras na residencia do Centro Galego de Tecnificación Deportiva para o curso 2023/24, e pola que se procede a súa convocatoria (código de procedemento DE400A).**

De acordo co artigo 12 da Orde do 28 de xullo de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, para persoas colaboradoras na residencia do Centro Galego de Tecnificación Deportiva para o curso 2023/24, e pola que se procede a súa convocatoria (código de procedemento DE400A), (DOG núm 151, do 09.08.2023) e conforme co informe da Comisión de Selección, formúlase proposta de resolución provisional de bolsas, en réxime de concorrencia competitiva, para persoas colaboradoras na residencia do Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD) para a tempada 2023/2024, que figura como Anexo I a esta proposta de resolución.

Segundo o artigo 16 das bases reguladoras, *“O número de prazas convocadas é de 6. Para a súa cobertura atenderase, de ser posible en función das solicitudes presentadas, a criterios paritarios, de tal forma que, 3 prazas sexan ocupadas por persoas do sexo feminino e as outras 3 por persoas do sexo masculino, coa finalidade de garantir unha correcta atención ao colectivo de deportistas do centro. Con esta finalidade, o cupo de prazas destinado a cada sexo serán ocupadas polas persoas dese sexo que acaden a maior puntuación, en aplicación dos criterios de valoración previstos no artigo 9. No caso que polo número de solicitudes presentadas non sexa posible a cobertura das prazas reservadas a un dos sexos, cubriranse polas persoas solicitantes do outro sexo.”*

Conforme co artigo 15.1.e) das bases reguladoras, entre as obrigas das persoas bolseiras está a de *“Acreditar con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.”*

De acordo co anterior, e despois de consulta coas administracións públicas, na última columna do Anexo I figuran os solicitantes que non se encontran ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, figurando na columna de “Deficiencia a emendar, motivo de inadmisión”.

Neste último caso, os solicitantes afectados disporán dun prazo de 10 días para presentar a documentación xustificativa de estar ao corrente. *Se non presenta en prazo esta documentación, proporase ao seguinte con maior puntuación.*





No Anexo II figuran as persoas solicitantes excluídas porque non cumpren os requisitos establecidos no artigo 3 das bases da convocatoria para ser beneficiarios das bolsas para persoal de apoio na residencia do CGTD, en concreto, no apartado a) “*Ter entre 18 e 30 anos no momento de presentar a solicitude.*”

Esta proposta de resolución provisional publicarase na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte, por un prazo de dez (10) días contados a partir do seguinte á data de publicación. Durante este prazo, os interesados poderán formular as alegacións que coiden pertinentes e presentar a documentación nos lugares e formas indicados para a presentación de solicitudes. Se algún dos candidatos propostos tivera a intención de non aceptar a adxudicación da bolsa, deberá comunicalo expresamente dentro do prazo de alegacións. Neste caso proporase ao seguinte con maior puntuación e así sucesivamente ata a súa cobertura.

Santiago de Compostela

A subdirectora xeral de Plans e Programas  
Belia Méndez Rial

Conforme:

O secretario xeral para o Deporte  
José Ramón Lete Lasa (*documento asinado dixitalmente*)





## Anexo I Listaxe proposta de persoas colaboradoras no CGTD

Nº	Solicitante colaboradora	Muller / Home	Nova / Renova	a./f./g.- Estudiante Ccafd /Univ /Cfs	Puntos	b.-Proxecto actividades	Puntos	c./d./h.-Dgan / Dan / Dar / Cgtd	Puntos	i./j.- Dar- CSD	Puntos	e./k.-Titulo Ccafd / Maxisterio / T Deportivo	Puntos	l.-Informe Dirección	Puntos	Total Puntos	Deficiencia a emendar, motivo de inadmisión
1	Bello Álvarez, Saúl	Home	Renova	Ccafd	6,0	1	1,0	Dgan	4,0	-	0	T Deportivo	1,0	3	3,0	15,00	Non estar ao corrente de obrigas tributarias coa AEAT
2	García Vidal, Miryan	Muller	Renova	Universitarios	3,0	4	4,0	Dgan	4,0	-	0	-		3	3,0	14,00	
3	Da Costa Piñeiro, Lucía	Muller	Renova	Universitarios	3,0	-		Dgan/Cgtd	6,0	-	0	-		3	3,0	12,00	
4	Picón Voces, Carlos Gutier	Home	Nova	Cfs	2,0	3	3,0	Dan	4,0	-	0	-		-		9,00	
5	Iemma Plaza, Alessandro	Home	Nova	Universitarios	3,0	1	1,0	Dgan	4,0	-	0	-		-		8,00	
6	Bautista Bugarín, Carlos	Home	Nova	Cfs	2,0	3	3,0			-	0	-		-		5,00	
<b>Listaxe de reserva</b>																	
7	Acuña García, Cándido	Home	Renova	Cfm		0		Dar	1,0	-	0	T Deportivo	1,0	2	2,0	4,00	
8	Giadas Couselo, Aarón	Home	Nova	Cfs	2,0	0				-	0	-		-		2,00	

## Anexo II Proposta de persoas solicitantes excluídas

Nº	Solicitante colaborador	Motivo da exclusión
1	Bello Álvarez, Moisés	Incumprimento do requisito de idade do artigo 3. a) das bases da convocatoria: Ser menor de 18 anos no momento da solicitude

